

NORMAS DA ANDAINA-PEREGRINACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO-AA.VV. MONTE DO GOZO

INTRODUCCIÓN

A Asociación de Veciños “Monte do Gozo”, retoma o proxecto que quedara paralizado como consecuencia da pandemia e volve a organizar a andaina-peregrinación polo Camiño Francés, dirixida a toda a veciñanza, en 7 etapas a realizar desde o mes de outubro de 2023 ata o mes de xuño de 2024:

- O Cebreiro-Triacastela(21,8 km): 29 de outubro de 2023
- Triacastela-Sarria(18 km): 26 de novembro de 2023
- Sarria-Portomarín(22,20 km): 18 de febreiro de 2024
- Portomarín-Palas de Rei(25 km): 24 de marzo de 2024
- Palas de Rei-Arzúa(28 km): 21 de abril de 2024
- Arzúa-Arca(18,50 km): 26 de maio de 2024
- Arca-Santiago de Compostela(20,20 km): 16 de xuño de 2024

INSCRICIÓN

A inscrición deberá realizarse entre o **25 de setembro e o 8 de outubro**, ámbalas datas incluídas, mediante a entrega, nas instalacións da asociación ou mediante a remisión dun correo, da ficha de inscrición.

As persoas que dispoñan de seguro federativo en vigor, deberán achegar unha copia da licenza federativa xunto coa ficha de inscrición, quedando exento do pagamento do seguro subscrito pola AA.VV.

Unha vez pechado o prazo de inscrición, a Asociación porase en contacto coas persoas admitidas para que formalicen a inscrición mediante o pagamento da cota de participación.

O prezo da inscrición é de 50 €. Este pagamento deberá realizarse entre o 11 e o 15 de outubro, ámbalas dúas datas incluídas, no número de conta da asociación que se facilitará ás persoas que obteñan praza.

O pagamento deberá realizarse dunha soa vez. En ningún caso, procederá a devolución das cotas pagadas

A inscrición inclúe:

a) Transporte en autobús de ida e volta a todas as etapas (na etapa que remata en Santiago de Compostela o autobús soamente será de ida)

b) Seguro.

c) Credencial a selar.

TERMOS E CONDICIÓNS

a) Desenvolvemento das etapas:

O desenvolvemento da andaina será para todas as etapas o seguinte:

-A organización dará a coñecer, coa antelación suficiente, a data, lugar, lonxitude, duración e características de cada etapa, aos efectos de que todas as persoas participantes sexan conscientes dos posibles riscos inherentes a participación en cada andaina

-Saída en autobús desde a sede da Asociación a hora que se determine. As persoas que non comparezan á hora determinada non terán dereito a reclamar as cantidades abonadas.

-Unha vez chegado ao punto de partida, a organización dará unha pequenas indicacións sobre a etapa, puntos de retirada e recollida e organizará ás persoas participantes.

-Haberá sempre, e como mínimo, unha persoa da organización na cabeza, na metade e na cola da marcha perfectamente identificada.

-Fixaranse **tempos de paso** en distintos puntos quilométricos (media de 4 km/hora), previamente indicados a todas as persoas participantes ao inicio de cada etapa.

A persoa que vaia por debaixo desa velocidade e chegue ao punto quilométrico despois do tempo establecido, **deberá subir ao autobús ata o seguinte punto quilométrico ou ata o final da etapa**. No caso de querer continuar coa marcha, será baixo a súa responsabilidade, non sendo acompañado por xente da organización e deberá buscarse o medio de transporte para regresar ao seu domicilio.

-As persoas participantes deberán levar a comida/bebida para almorzar na propia ruta.

b) Recomendacións

-Trátase dunha andaina con distintos niveis de dificultade, segundo as etapas, polo que as persoas participantes deberán estar ben preparadas e dosificar os esforzos.

-Aconséllase levar unha pequena mochila ou saco no que incluír pequenos útiles como: chubasqueiro, paraugas, crema de protección solar, gafas de sol, gorra, etc...

-Un calzado axeitado é indispensable para unha andaina destas características, polo que é recomendable levar calzado apropiado para andar polo monte, preferiblemente botas ou calzado de montaña.

-Levar roupa cómoda e axeitada para a andaina, atendendo á previsión meteorolóxica de cada etapa.

-Levar material que poida facilitar a realización da etapa, atendendo ao seu perfil(bastóns de apoio...)

-É importante non saltarse a correcta alimentación. A hidratación é moi importante, polo que é recomendable levar auga ou bebida isotónica suficiente para cada etapa e un pequeno almorzo para repoñer enerxías(froita, froitos secos, chocolate ...)

-Non tirar lixo. As persoas participantes deberán recoller os seus desperdicios e utilizar os lugares habilitados para a súa deposición.

-Evitar accións que afecten ou alteren o medio natural ou poidan molestas á fauna da zona, así como evitar facer excesivo ruído, respectemos o medio ambiente.

-Recoméndase encarecidamente levar un teléfono móbil cargado por se é necesario contactar coa persoa participante por calquera motivo.

c) Condicións

-Todas as persoas participantes deberán formalizar a súa inscrición, mediante a presentación nas datas establecidas:

- Ficha de inscrición.
- Xustificante bancario do pagamento da cota.
- Outra documentación (copia da ficha federativa en vigor, documento acreditativo da condición de pai/nai/titor legal).

A presentación da documentación anterior poderá facerse directamente ou por medio de correo electrónico nos seguintes enderezos:

Asociación de Veciños. Rúa da Muiña, 63 ou

info@avmontedogozo.es

-A inscrición e participación nas andainas require ser maior de idade, polo que non poderán realizarse inscricións de menores de idade, agás que as realicen os pais/titores, debendo acreditarse suficientemente esta condición. As persoas menores de 18 anos deberán ir acompañados pola persoa adulta que a inscribiu durante toda a etapa.

-As persoas inscritas, polo feito da súa inscrición, manifestan que están en posesión das habilidades técnicas e de condicións físicas requiridas para a participación na andaina, non estando afectado por ningunha contraindicación médica para a practica deportiva do sendeirismo e que o seu estado físico e de saúde é o axeitado para a participación nas andainas. As persoas inscritas deberán facer constar calquera incidencia médica (alerxias, atencións especiais...).

A organización poderá non autorizar a participar ou instar a abandonar a etapa a todas aquelas persoas que non se atopen nas condicións físicas mínimas para poder realizar ou rematar a proba. No caso de querer continuar coa marcha, será **baixo a súa responsabilidade e deberá buscarse o medio de transporte** para regresar ao seu domicilio.

-A organización non se fará responsable dos danos que poidan sufrir as persoas participantes nin das reclamacións de danos por lesións. Disporase dos correspondentes seguros, que estarán a disposición das persoas interesadas nos locais da asociación ou previa petición por correo electrónico.

-A organización resérvase o dereito de establecer e modificar datas, o horario e/ou lugar de saída, dos puntos de retirada ou recollida da proba e calquera outra medida por razóns de necesidades organizativas, de seguridade ou por incidencias meteorolóxicas e atendendo a factores que poidan influír nun normal desenvolvemento das etapas, sen que de dereito a indemnización.

-As persoas participantes terán a obriga de cumprir as indicacións que durante o desenvolvemento de cada etapa sinalen os membros da organización.

-As persoas participantes terán a obriga de socorrer en caso de accidente ás implicados no mesmo sempre e cando necesiten axuda, así como comunicar á organización de calquera defecto ou anomalía no percorrido que poida ser condicionante para a etapa ou poida poñer en risco a integridade física dos participantes.

-A organización poñerá a disposición das persoas participantes que desexen abandonar voluntariamente nos puntos de retirada un vehículo para a súa recollida. Isto exclúe causas como incidentes ou lesións, onde se activarán os termos establecidos no seguro. No caso de desprazamento dunha ambulancia, a persoa que sufriu o incidente obrigatoriamente terá que seguir as indicacións dos responsables da ambulancia, non podendo negarse ou denegar o seu traslado.

- Non se permitirán animais de compañía.

-As persoas participantes poderán selar a guía do camiño nos distintos lugares habilitados ao efecto ao longo do mesmo.

-En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, a Asociación de Veciños Monte do Gozo, informa que os datos facilitados mediante este formulario e os correos electrónicos recibidos solicitando información ou enviando observacións, e que teñen a consideración de datos de carácter persoal, poderán ser incorporados a ficheiros cuxa responsable é a AAVV coa finalidade de xestionar as inscricións as andainas, o envío de comunicacións relacionadas coas mesmas e información sobre futuras andainas ou actividades levadas a cabo pola AAVV.

A persoa participante presta o seu consentimento para enviarlle información sobre novas actividades que organice la Asociación de Veciños Monte do Gozo

Os datos que se solicitan resultan necesarios para a formalización da participación nas andainas, de xeito que de non facilitalos, non será posible a súa participación.

En calquera momento, as persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a:(A.V.V. MONTE DO GOZO DE LA PARROQUIA DE SAN LAZARO- Rúa da Muiña, 63-Tel. 981-560318- info@avmontedogozo.es)

A veracidade dos datos aportados neste boletín é responsabilidade da persoa que o presenta.

-As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e internet. No transcurso das andainas poderán tomarse fotografías/vídeos/imaxes das persoas que participen e que poderán aparecer na web da

asociación, ou ben, poderán subirse a outros sitios WEB que teñan como finalidade crear un álbum de fotografías ao que poidan acceder outras persoas.

A persoa participante presta o seu consentimento expreso para este tratamento nas condicións indicadas e para mantelo informado a través da creación dun grupo de difusión en whasap e/ou de correo electrónico das actividades previas á proba.

-Todas as persoas participantes, polo feito de inscribirse, manifestan coñecer as recomendacións que figuran no presente folleto e aceptan todas as condicións e termos que a organización establece para a realización da mesma.

A organización reservase o dereito e poderá, atendendo as circunstancias de cada caso, denegar á persoa que incumpra estas condicións, a participar nesta e nas próximas andainas que organice a AA.VV. e non se lle reembolsará o pagado en concepto de inscrición.